

## Continúan as mobilizacións en demanda do rescate do servizo de limpeza da USC



[1]

As traballadoras do servizo de limpeza da USC concentráronse esta mañá diante da Casa da Balconada para reclamar o rescate da contrata e que o servizo sexa prestado directamente pola universidade subrogando a todo o persoal que traballa na concesión. O persoal vén desenvolvendo mobilizacións desde principios do mes de marzo e ten previsto convocar unha manifestación para o vindeiro día 3 de abril.

22/3/18.

A demanda do rescate da contrata é a alternativa que se presenta desde o comité de empresa e da asemblea de traballadoras fronte a ofensiva da USC, que na actual licitación dividiu a contrata en dous lotes, cuestión pola que xa se interpuxo recurso administrativo especial.

A división en lotes vai significar, segundo explica Anxo Noceda, a imposibilidade de garantir o pleno cumprimento dos dereitos laborais contemplados actualmente. Porén, asegura “non supón ningún beneficio para a USC”. Por iso entende que “se nin supón unha mellora na xestión, nin aforro económico o único obxectivo desta división sería, polo tanto, empeorar a curto e medio prazo as condicións laborais e quen sabe se as económicas do persoal”.

Pola contra o ‘rescate’ da contrata, que en termos legais é posíbel executar coa nova lei de contratos de Estado –Lei 9/17-, si implicaría un claro aforro económico para a USC, ao tempo que, como mínimo se manterían as actuais condicións laborais do persoal e melloraría a xestión do servizo ao facerse de xeito directo pola propia universidade, explica Noceda.

Respecto do aforro económico o representante da CIG matiza que “como mínimo se concretaría en non ter que asumir ningún custo adicional por beneficio empresarial, así como no aforro de practicamente o 100% do IVE que a USC lle paga as empresas concesionarias e que ascendendo, anualmente, a un mínimo dun 1.200.000€”.

Por iso Noceda se pregunta cal é o interese da USC en abonarlle esa enorme contía económica a unha empresa privada no canto de empregar eses cartos tanto na mellora das condicións laborais e económicas do seu propio persoal, pasando pola contratación de máis persoal, mellora na dotación de bibliotecas, laboratorios, mellorar as condicións das súas/seus investigadoras/es... ou mesmo nunha maior dotación das bolsas de axuda aos estudantes.

### Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>